


Anexo 6

	<b>COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS</b>	Selo de Rexistro de Entrada
	Espazo reservado para a Administración Exp. nº:	

<b>INTERESADO</b>				
Nome e apelidos/Denominación social				DNI/CIF
Enderezo para os efectos de notificacións				
CP	Municipio	Provincia	Teléfono	Fax
Correo electrónico				

<b>En caso de que se actúe por representación*</b>				
Nome e apelidos/Denominación social do representante				DNI/CIF
Enderezo para os efectos de notificacións				
CP	Municipio	Provincia	Teléfono	Fax
Correo electrónico				

\*Achégase documento de representación

En aplicación co disposto no artigo 146 da Lei 2/2016 do 10 de febrero do Solo de Galicia, na súa redacción dada pola Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, e no Capítulo II do Título II da Ordenanza municipal reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos de uso do solo e do subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos.

**COMUNICA**

Que vai realizar as obras que se describen a continuación:

<b>Localización das obras</b>																	
Enderezo (rúa, praza, avda, lugar)												Núm/Km		Andar		Porta	
Referencia catastral																	

<b>Descrición detallada das obras (se as obras teñen por obxecto o desenvolvemento dunha actividade se consignará esta circunstancia e o tipo de actividade)</b>
.....
.....
<b>Presuposto de execución material</b>

## Anexo 6

<b>Documentos que se achegan con esta comunicación previa (marcalos cun "x")</b>	
1 <input type="checkbox"/>	No caso de que se actúe por representante, documento acreditativo, orixinal ou compulsado, da representación.
2 <input type="checkbox"/>	Presuposto de execución material das obras detallado por partidas cando non sexa esixible proxecto técnico completo.
3 <input type="checkbox"/>	Proxecto técnico completo (básico, de execución e estudo de seguridade e saúde) cando sexa esixible por norma xurídica. Se presentarán dúas copias, ademais da de soporte dixital, cando as obras afecten a un ben catalogado.
4 <input type="checkbox"/>	Declaración do técnico redactor do proxecto técnico de que este cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación.
5 <input type="checkbox"/>	Nomeamento do director de obra e do director da súa execución nos modelos oficiais visados polos colexios profesionais correspondentes, así como do coordinador en materia de seguridade e saúde cando este sexa necesario (artigo 3 do Real Decreto 1627/1997).
6 <input type="checkbox"/>	Autorizacións e/ou informes sectoriais preceptivos para o inicio da obra ou instalación.
7 <input type="checkbox"/>	Xustificante de pagamento dos tributos municipais que procedan.
8 <input type="checkbox"/>	No caso de proxectos técnicos que non precisan do visado colexial: declaración responsable (ou certificado colexial) do técnico redactor do proxecto na que figuren os seus datos persoais e profesionais e na que se indique que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade para o exercicio da profesión.

<b>Se as obras teñen por obxecto o desenvolvemento dunha actividade ou apertura dun establecemento se achegarán ademais os seguintes documentos (marcalos cun "x")</b>	
9 <input type="checkbox"/>	<p>Proxecto técnico da actividade e documentación técnica que resulte esixible segundo a natureza da actividade, no caso de que non estean xa incluídos no proxecto técnico ao que se refire o número 3 do apartado anterior. Este proxecto técnico incluírá memoria explicativa da actividade que se pretende realizar.</p> <p>Non se requirirá proxecto técnico para as seguintes actividades:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- comercio polo miúdo excepto o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e a venta polo miúdo de combustible para vehículos de motor (gasolineiras e estacións de servizo)</li> <li>- despachos profesionais, xestorías, oficinas e similares.</li> <li>- Actividades de almacenamento de obxectos e materiais, excepto as de produtos químicos ou farmacéuticos, combustibles, lubricantes, fertilizantes, praguicidas, herbicidas, pinturas, vernices ceras ou neumáticos.</li> </ul>
10 <input type="checkbox"/>	Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, elaborada por técnico competente, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos, no caso de que non sexa esixible o proxecto técnico de actividade e de que non estea xa incluída no proxecto técnico ao que se refire o número 3 do apartado anterior, acompañada de plano de planta do local que reflecta a súa superficie total e a súa distribución coas instalacións e mobiliario.
11 <input type="checkbox"/>	Xustificante de pagamento dos tributos municipais que procedan.
12 <input type="checkbox"/>	A autorización ou declaración ambiental que proceda.
13 <input type="checkbox"/>	Autorizacións e/ou informes sectoriais preceptivos para o inicio da obra ou instalación.
14 <input type="checkbox"/>	No caso de proxectos técnicos que non precisan do visado colexial: declaración responsable (ou certificado colexial) do técnico redactor do proxecto na que figuren os seus datos persoais e profesionais e na que se indique que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade para o exercicio da profesión.

<b>O comunicante declara baixo a súa responsabilidade</b>	
1)	Que son certos cantos datos e manistestacións foron expostos na presente comunicación e documentación que se achega. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide executar a obra que se comunica ou a actividade afectada, sen perxuízo das sancións que proceda imponer por tales feitos. A resolución administrativa que constate tales circunstancias comportará a esixencia de responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao inicio das obras ou da actividade, así como a imposibilidade instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado entre tres meses a un ano, de conformidade co artigo 146 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia.
2)	Que as actuacións que se detallan nesta comunicación previa cumpren coa normativa urbanística e sectorial de aplicación neste Concello, e que serán executadas con arranxo ás condicións xerais e específicas que figuran no anexo desta comunicación.
3)	Que se obtiveron todas as autorizacións e/ou informes sectoriais preceptivos necesarios para o inicio da obra ou da instalación, así como as concesións administrativas ou autorizacións correspondentes cando o acto pretendido supoña a ocupación ou utilización do dominio público do que sexa titular outra Administración Pública.
4)	Que se a realización das obras ten como finalidade a posta en funcionamento dunha nova actividade ou a modificación dunha actividade previamente autorizada ou comunicada, unha vez finalizadas presentará neste Concello comunicación previa para o inicio da actividade, de conformidade co artigo 24.2 da Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Fisterra, de de 2017

Asdo.: solicitante/representante

## ANEXO

## CONDICIÓN XERAIS ESPECÍFICAS PARA AS OBRAS SOMETIDAS A COMUNICACIÓN PREVIA

CONDICIÓN XERAIS	
1)	Non se poderán iniciar as obras que con este escrito se comunican ata que transcorra polo menos o prazo de quince días hábiles contando a partir do seguinte ao da entrada no rexistro municipal desta comunicación coa documentación esixible completa. As obras que se comunican deberán de iniciarse no prazo máximo de seis meses contando a partir do día seguinte a aquel no que finalice o prazo de quince días sinalado no parágrafo anterior e deberán ser finalizadas no prazo máximo dun ano contado a partir da mesma data. Finalizados os ditos prazos sen que as obras se inicien ou rematen se declarará caducado o dereito a obrar que outorga a comunicación previa, salvo que o interesado comunique prórroga dos referidos prazos antes da súa finalización e por un tempo non superior ao inicialmente establecido.
2)	Transcorrido o prazo de quince días hábiles desde a presentación da comunicación previa sen que se requira ao interesado a corrección de posibles deficiencias que puideran existir, se poderán iniciar as obras comunicadas, sen que a inactividade da Administración implique a enmenda dos defectos ou irregularidades que presente o contido da comunicación u da documentación que se achega con ela nin os que poida presentar a obra ou a actuación obxecto da comunicación.
3)	Únicamente se poderán executar as obras descritas na presente comunicación. As dimensións e características das obras non excederán das comunicadas, considerándose como infracción urbanística calquera extralimitación na que se incorra. Cando se pretenda introducir modificacións durante a execución se deberá comunicar de novo o dito feito ao Concello.
4)	A presente comunicación non supón autorización para a ocupación da vía pública ou outros espazos públicos con materiais de construción, andamios, máquinas, guindastres ou calquera ferramenta ou instrumento nin para ningún outro acto de uso d solo ou do subsolo do dominio público ao que afecte o mesmo xa que isto deberá ser obxecto da correspondente solicitude de licenza para a súa autorización, se procede.
5)	Na realización dos traballos estarase obrigado a reparar os estragos que como consecuencia das obras se orixinen nas vías públicas e demais espazos lindeiros, e a mantelos en condicións de seguridade, salubridade e limpeza.
6)	A presente comunicación producirá efectos entre o Concello e quen a promove, pero non alterará as situación xurídicas privadas entre este e as demais persoas. As obras realizaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.
7)	O comunicante deberá ter a disposición dos servizos municipais a comunicación previa rexistrada neste Concello e facilitará o acceso dos ditos servizos á obra para a súa comprobación e inspección.

CONDICIÓN ESPECÍFICAS	
1)	Se as obras que se comunican se refiren á construción de <b>cerramentos de parcela</b> , antes do inicio da obra deberá solicitarse polo interesado na Área de Urbanismo deste Concello que se fixe sobre a parcela a alíñación e o recuamento do cerramento con respecto ao camiño público ou estrada cos que linde. Para tales efectos levantarase un acta deste replanteo que se subscribirá por duplicado polo interesado e un técnico da dita Área de Urbanismo.
2)	<b>As obras de acometida ás redes municipais de abastecemento de auga ou de saneamento</b> serán realizadas polo interesado ata a ocupación do subsolo ou solo do dominio público municipal, a partir do cal serán continuadas ou dirixidas pola empresa adjudicataria do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento e ata a súa conexión á tede a cargo d petionario. Se estas obras de acometida ás redes municipais afectan ao subsolo ou solo de dominio público doutras Administracións Públicas se Terán que executar polos interesados, ademais de coas condicións que máis abaixo se indican, coas condicións e requisitos esixidos polas ditas Administracións nas autorizacións que, se procede, concedan para a execución das obras e ata a conexión ou entronque á rede municipal que será executado pola empresa adjudicataria do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento. En todo caso as obras de acometida a estas redes de servizo municipais se Terán que executar coas seguintes condicións: <b>Acometida á rede de saneamento:</b> <ol style="list-style-type: none"> <li>Existirá unha arqueta sifónica no interior do límite da propiedade para evitar olores e facilitar desatoamentos.</li> <li>Dende a arqueta sifónica dispoñerase dun tubo de PVC sanitario de diámetro mínimo 160mm, recuberto perimetralmente con hormigón, e con pendente comprendida en o 1% e o 6%. O tubo descorrerá o máis recto posible, non permitiéndose curvas ni cambios de dirección sin arqueta o pozo de registro correspondiente.</li> <li>A conexión de tubo de evacuación particularice pozo de registro, que de no existir deberá ser ejecutado polo solicitante, frase sempre por riba da meretriz do tubo da rede peral que desemboca mese pozo. Ademais, a cota de caída na edificación será sempre superior á da tapa do pozo ao que se conecte.</li> <li>No caso de que o tubo do interior da propiedade quedase máis baixo que o da rede municipal, disporase un pozo de bombeo en lugar da arqueta. O tubo de impulsión á rede municipal será de polietileno de alta densidade de 50-63 mm de diámetro, de acordó coas características técnicas da bomba. Sempre se instalarán válvulas antiretorno.</li> <li>O tubo de saneamento discorrerá sempre por debaixo do abastecemento de auga, no caso de existir un cruzamento ou de discorrer parellas ambas instalacións.</li> <li>A reposición do firme faras eco mesmo material que o pavimento orixinal.</li> <li>Non se poderán conectar á rede pública de sumidoiros as augas pluviais, as cales Terán que ser canalizadas cara á cuneta.</li> </ol> <b>Acometida á rede de abastecemento de auga:</b>

Anexo 6

	<p>a) A acometida consistirá nunha tubaxe de polietileno de diámetro 32mm (1") en 16 atmósferas de presión, con collarín e banda de aceiro inoxidable, machón de bronce e válvula de cuadrillo de bronce e o enlace de latón para unir válvula con tubaxe de acometida.</p> <p>b) Se executará unha arqueta non rexistrable de ladrillo macizo de dimensións aproximadas de 30cm x 30 cm, para aloxamento da válvula. Parte superior da arqueta se executará cunha lousa de formigón de espesor 4cm, cun orificio troncocónico (impedir a caída da tubaxe de PVC ao interior da arqueta). Sobre esta tapa se encaixará unha tubaxe guía cunha tubaxe de rexistro en PVC de 90mm, serie C, ata 10 cm antes da rasante do pavimento, para que o rexistro non apoie no tubo guía. Como remate se colocará tapa de rexistro (de fundición de diámetro de 20 cm) enrasada co pavimento, con indicativo "Augas de Fisterra", e frecha de sentido de fluxo de auga.</p> <p>En calquera dos dous casos o interesado se comunicará coa empresa do servizo de abastecemento de auga e saneamento, para que por esta se efectúe a correspondente conexión ás redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.</p>
--	--